| ▪ f | <p>Concepto de movemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relatividade do movemento. - Sistemas de referencia. <p>Descrición do movemento:</p> <p><u>1.- A posición</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Vector de posición. <p>- Traxectoria. Movementos rectilíneos e curvilíneos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vector desprazamento.. <p><u>2.- A velocidade</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Carácter vectorial da velocidade. - Unidades de velocidade. - Velocidades media e instantánea. <p><u>3.- A aceleración</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Unidades. - Aceleracións media e instantánea. - Carácter vectorial da aceleración.. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores para describilo adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Indica cal é o sistema de referencia utilizado na descrición de distintos movementos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea xustificando a súa necesidade segundo o tipo de movemento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Clasifica distintos tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue movementos curvilíneos e rectilíneos segundo a traxectoria. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A), razoando o concepto de velocidade instantánea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica a necesidade de utilizar a velocidade instantánea nos movementos coa aceleración. ▪ Realiza correctamente o cambio de unidades de velocidades expresadas en km/h a unidades do SI. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ f | <p><u>Movemento rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A.)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Características: - Ecuación da velocidade instantánea. Gráficas v-t. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Deduce as expresións matemáticas que relacionan as distintas variables nos movementos rectilíneo uniforme (M.R.U.) e rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A). | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> - Ecuación da posición ou espazo percorrido. Gráficas x-t. - M.R.U.A. verticais baixo a acción da gravidade: Caída libre e lanzamento cara arriba. <p><u>Movemento rectilíneo uniforme (M.R.U.)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións deste movemento. - Gráficas v-t e x-t. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolver problemas de movementos rectilíneos, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, expresando o resultado nas unidades do Sistema Internacional. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (M.R.U.), rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A.), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Asigna e interpreta correctamente os signos ao desprazamento, velocidade e aceleración nos movementos rectilíneos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina tempos e distancias de freado de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplica correctamente as ecuacións do M.R.U. e do M.R.U.A. na resolución de problemas, incluíndo a caída libre e lanzamentos verticais de corpos, expresando o resultado en unidades do SI. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC |
| ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta gráficas x-t e v-t en movementos rectilíneos uniformes e uniformemente acelerados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |

| | | | | | |
|-----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | | relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables. | <ul style="list-style-type: none"> Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias ben no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo e representa e interpreta os resultados obtidos. | <ul style="list-style-type: none"> Representa gráficas x-t en movementos rectilíneos uniformes a partir de valores dados. Representa gráfica v-t en movementos rectilíneos uniformes e uniformemente acelerados a partir de valores dados. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CD CCL CAA CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> f | <u>Movementos circulares uniformes (M.C.U.)</u> <ul style="list-style-type: none"> Compoñentes do vector aceleración: aceleración tanxencial e aceleración normal. Velocidade angular: unidades. Relación entre as velocidades lineal e angular. | <ul style="list-style-type: none"> Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos curvilíneos. | <ul style="list-style-type: none"> Argumenta a existencia do vector aceleración en todo movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme. | <ul style="list-style-type: none"> Explica a existencia de aceleración normal no M.C.U. en función da variación da dirección do vector velocidade. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| | | <ul style="list-style-type: none"> Resolver problemas de movementos rectilíneos, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, expresando o resultado nas unidades do Sistema Internacional. | <ul style="list-style-type: none"> Deduco as expresións matemáticas que relacionan as distintas variables no movemento circular uniforme (M.C.U.), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares. | <ul style="list-style-type: none"> Explica a conveniencia de utilizar magnitudes angulares en lugar de lineais na descrición do M.C.U. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> f | | | <ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas de movemento circular uniforme (M.C.U) expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional. | <ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas sinxelos de M.C.U. expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> f | <p>As forzas como causa dos cambios no movemento: Leis de Newton</p> <ul style="list-style-type: none"> <u>1ª Lei de Newton: principio de inercia.</u> Forzas de rozamento <u>2ª Lei de Newton: Ecuación fundamental da Dinámica.</u> Identificación das forzas que actúan sobre un corpo.: <ul style="list-style-type: none"> Forzas nos planos horizontais. Forzas nos planos inclinados. <u>3ª Lei de Newton: Principio de acción e reacción.</u> <p>As forzas nos movementos curvilíneos: Forza centrípeta.</p> <ul style="list-style-type: none"> Identificación da forza centrípeta en diferentes casos. | <ul style="list-style-type: none"> Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo. | <ul style="list-style-type: none"> Distingue entre forza e velocidade e representa vectorialmente estas magnitudes. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| | | <ul style="list-style-type: none"> Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en distintos casos de movementos rectilíneos e circulares. | <ul style="list-style-type: none"> Representa vectorialmente o peso, a forza normal e a forza de rozamento en distintos casos de movementos rectilíneos. Representa vectorialmente a forza centrípeta en movementos curvilíneos e calcula o seu valor en función da velocidade e raio da curva en casos sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT | |

| | | | | | |
|-----|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|
| ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> Utilizar o principio fundamental da Dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento tanto nun plano horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración. | <ul style="list-style-type: none"> Aplica correctamente o principio fundamental da Dinámica en problemas nos que sobre un corpo en movemento actúan varias forzas. Representa e calcula o valor das forzas que actúan sobre un corpo en movemento, tanto nun plano horizontal como inclinado, calculando a forza resultante expresada en unidades do SI. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns. | <ul style="list-style-type: none"> Deduco a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei. | <ul style="list-style-type: none"> Razoa que nun MRU non actúa ningunha forza resultante. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en distintas situacións de interacción entre obxectos. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica as forzas de acción e reacción en situacións sinxelas e explica os seus efectos nos corpos que interaccionan. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ f | <p>Lei da gravitación universal.:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lei de Newton da gravitación universal. - Aceleración debida á gravidade terrestre. - As forzas gravitatorias e os movementos orbitais. <ul style="list-style-type: none"> o Identificación das forzas gravitatorias como forzas centrípetas. | <ul style="list-style-type: none"> Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática. | <ul style="list-style-type: none"> Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria. | <ul style="list-style-type: none"> Diferencia entre peso e masa . Explica as variacións do peso dun obxecto ao trasladalo dun lugar a outro da superficie terrestre ou a outro planeta. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal. | <ul style="list-style-type: none"> Razoa o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalguns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica as forzas gravitatorias como forzas centrípetas nos movementos orbitais e as representa correctamente mediante vectores. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran. | <ul style="list-style-type: none"> Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC |

Unidade 7: A enerxía mecánica e térmica. Traballo e calor

TEMPORIZACIÓN: 14 SESIÓNS

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN | COMPETENCIAS CLAVE |
|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| ▪ f | <p>Concepto de enerxía: Enerxía e cambios</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de enerxía - Concepto de sistema: Sistemas abertos, pechados e illados. - Unidades de enerxía. <p>Procesos e intercambios de enerxía: Principio de conservación da enerxía.</p> <p>Enerxía mecánica</p> <ul style="list-style-type: none"> - A enerxía cinética. - A enerxía potencial elástica. - A enerxía potencial gravitatoria. <p>Transferencias de enerxía mecánica a un sistema:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de traballo. Unidades. - O traballo e a variación da enerxía mecánica dun sistema. - Principio de conservación da enerxía mecánica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación da mesma debida ao rozamento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplica correctamente o principio de conservación da enerxía mecánica para transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria e valora a súa utilización na resolución de problemas de cinemática. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica o primeiro principio da Termodinámica como aplicación do principio de conservación da enerxía aos intercambios de enerxía em forma de traballo e de calor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ f | <p>Transferencias de enerxía mecánica a un sistema:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de traballo. Unidades. - O traballo e a variación da enerxía mecánica dun sistema. - Principio de conservación da enerxía mecánica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, identificando as situacións nas que se producen. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do significado científico dos mesmos. | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> - A rapidez da transferencia de enerxía: Concepto de potencia. Unidades. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional así como outras de uso común. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións nas que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, expresando o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou outras de uso común como a caloría, o kWh e o CV. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula o traballo realizado por unha ou varias forzas constantes, paralelas ou formando un ángulo coñecido co desprazamento, en movementos rectilíneos. ▪ Calcula a enerxía mecánica transferida como traballo e as variacións das enerxías cinética e potencial que produce nos sistemas. ▪ Resolve problemas sinxelos nos que se relacionen potencia, enerxía e tempo, realizando correctamente los cambios de unidades. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |

| | | | | | |
|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f | <p>Enerxía térmica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de enerxía térmica. - Concepto de enerxía cinética media. - Relación da temperatura coa enerxía cinética media. <p>Equilibrio térmico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de calor. - Transferencias de calor entre sistemas a distinta temperatura: <ul style="list-style-type: none"> o A calor específica. o Cálculo da temperatura final en mesturas. - Cambios de estado. <ul style="list-style-type: none"> o A temperatura nos cambios de estado. o A calor latente dun cambio de estado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinando a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, representando graficamente ditas transformacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula a masa ou a calor específica dunha substancia sabendo o valor da temperatura de equilibrio que alcanza ao poñela en contacto cunha determinada cantidade doutra substancia de calor específica coñecida, dadas as temperaturas iniciais de ambas. ▪ Describe a relación cuantitativa entre calor latente, calor intercambiada e cantidade de materia nos cambios de estado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula a temperatura final de equilibrio térmico a partir da calor intercambiada e as propiedades das substancias postas en contacto no caso de dúas substancias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA |

| | | | | | |
|-------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f | <p>Termodinámica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversión da enerxía mecánica en calor. - 1º Principio da Termodinámica. - Conversión da calor en enerxía mecánica: máquinas térmicas. - Rendemento dunha máquina térmica: 2º Principio da Termodinámica | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeantes da revolución industrial, así como a súa importancia actual na industria e o transporte. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica ou interpreta, mediante ou a partir de ilustracións, o fundamento do funcionamento do motor de explosión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula o rendemento dunha máquina térmica e explica por que é sempre inferior ao 100% . | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas e expón os resultados empregando as TIC. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL |

Lagoas

4.1.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Traducir nunha nota-calificación o resultado dun proceso de aprendizaxe, no que non só hai que avaliar a adquisición de coñecementos senon tamén o dominio de procesos e o desenvolvemento de actitudes por parte do alumnado, representa unha enorme dificultade.

4.1.1.- Instrumentos de avaliación

Coas limitacións anteriores, para avaliar aos alumnos e alumnas utilizaremos:

1.- Realización individual de probas escritas (exames).

- Farase **unha proba escrita ao remate de cada unidade** incluíndo os mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe.
- A superación destas probas será un criterio fundamental a ter en conta para a cualificación positiva.
- **Os criterios de cualificación figurarán en cada proba**, precisando a puntuación que se outorga a cada pregunta, no caso de que esta conste de diferentes apartados que se puntuen distinto fárbase constar a puntuación para cada un, de xeito que o alumnado saiba como se puntuará dita proba.
- Cada profesor/a notificará as datas concretas dos seus exames ao alumnado, ao principio de cada trimestre. Ditas datas figuran tamen na páxina web do Centro.

2.- Valoración do traballo diario individual do alumnado:

- Realización das tarefas propostas para casa.
- Terase en conta os exercicios propostos que o alumno ou alumna faga a diario.
- Ante a imposibilidade de poder recoller os cadernos, unha semana antes de cada proba, enviaránselle a través da aula virtual un boletín de exercicios de repaso do tema, que debrán enviar resoltos ao profesor antes do exame.
- Análise dos traballos e informes elaborados, de actividades prácticas propostas na clase e no laboratorio.

4.1.2.- Criterios para a cualificación

A nota de cada unidade será o resultado de valorar a nota do exame ou exames (contará un 90%) e as actividades realizadas no traballo diario do alumno ou alumna (un 10%).

Se o alumno ou alumna non consegue os obxectivos do tema, a recuperación implica:

- Darlle oportunidade para que poida resolver dúbidas.
- Fixarlle tarefas complementarias que lle posibiliten a consecución dos obxectivos do tema.

5.1.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación constituirá un proceso continuo, sen limitarse nunca a unha situación illada na que se realicen as probas.

O procedemento para a avaliación continua basearase en:

1.- Observación e rexistro da actividade diaria dos alumnos e alumnas na clase centrada en:

- Metodoloxía de traballo do alumnado (claridade e orde nas libretas, coidado no uso do material de laboratorio, etc...)
- Análise dos traballos e informes elaborados por cada un dos grupos de traballo nos que se divida a clase para a realización de actividades prácticas.
- Resposta, oral ou por escrito segundo proceda, a preguntas puntuais sobre algún aspecto concreto do tema que se está a desenvolver.
- Realización das tarefas propostas na clase e no laboratorio.
- Constancia e esforzo na realización do traballo.
- Atención durante o desenvolvemento da clase.
- Interese e colaboración cos compañeiros e compañeiras.

2.- Realización individual de probas escritas. O modelo de proba será variado de xeito que permita valorar o grao de adquisición dos distintos estándares de aprendizaxe. Poderá incluír preguntas de resposta ampla, problemas de cálculo numérico, problemas de aplicación que requiran o desenvolvemento dun razoamento lóxico, etc..). Se un alumno/a non pode asistir a algún exame escrito, por un motivo debidamente xustifico, realizará dita proba na data que se acorde entre o profesor/a e o alumnado implicado.

3.- Valoración do caderno de traballo: Terase en conta que o caderno de clase estea ao día e cos posible erros corrixidos, sen faltas de ortografía, ben presentado con pulcritude e orde nos contidos.

Como indicamos antes, a nota de cada unidade será o resultado de valorar a nota do exame ou exames (contará un 90%) e as actividades realizadas no traballo diario do alumno ou alumna (un 10%).

Para aprobar cada avaliación o alumnado terá que acadar unha nota media mínima de 5. A nota de cada avaliación será a nota media das cualificacións das probas realizadas. **Se nalgún dos temas da avaliación non acadar un 35% dos estándares de aprendizaxe mínimos, a avaliación estará suspensa.** Se a cifra das décimas da nota media é de oito ou maior suben á nota a seguinte unidade.

Haberá un exame de **recuperación despois de cada avaliación** que incluírá toda a materia impartida na avaliación.

Período entre a 3º avaliación e a avaliación final:

1.Alumnado con toda a materia aprobada: realizará durante as clases, actividades complementarias de repaso e ampliación que lle sirva para afianzar os contidos tratados no curso, para o que se lle entregarán os boletíns correspondentes.

A nota media do curso poderá verse incrementada ata un 10%, en función do traballo completado de ditos boletíns.

2. Alumnado coa materia suspensa: realizará actividades de recuperación de dita materia para o que se lle entregarán cadernos de exercicios e cuestións correspondentes a avaliación ou avaliacións a recuperar.

O profesor propoñerá nas clases a realización de actividades de recuperación, reforzará os conceptos e procedementos máis complexos, resolverá as dúbidas do alumnado e coadxuvará a vencer os atrancos atopados polos estudantes.

Este traballo vai encamiñado a preparación do alumnado na recuperación da materia suspensa. Esta recuperación constará dunha proba escrita similar as realizadas durante o curso, que consten de cuestións e problemas que avalíen os estándares de aprendizaxe e as competencias clave que figuran na Programación.

AVALIACIÓN FINAL:

1. Alumnado con toda a materia aprobada:

Para a obtención da nota media de final de curso aplicaranse os criterios que figuran na Programación, a dita media sumarase ata un 10% á puntuación obtida polo traballo feito en xuño.

2. Alumnado con materia suspensa:

- Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas: calcularase a súa nota final como a media aritmética da nota da avaliación ou avaliacións aprobadas e da nota acadada na proba de recuperación.
- Alumnado con todas as avaliacións suspensas: realizarán unha proba escrita que incluíra os mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe. Para aprobar a materia terán que demostrar a consecución dun 65% dos estándares mínimos de aprendizaxe indicados para o curso

A nota final será a nota media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

6.1.- 2º ESO

O alumnado de 2º de ESO debe demostrar ser capaz de:

- Expresar correctamente os resultados de medidas e/ou cálculos de magnitudes utilizando as unidades do Sistema Internacional, os seus múltiplos e submúltiplos e a notación científica cando sexa preciso.
- Entender a densidade como propiedade específica das substancias puras independentemente dos valores de masa e volume.
- Utilizar a relación entre a densidade, a masa e o volume para calcular estas magnitudes.
- Describir procedementos físicos para a separación de substancias puras nunha mestura.
- Calcular a concentración dunha disolución a partir dos datos de masas de soluto e volume de disolvente e describir o procedemento para preparala.
- Aplicar a teoría cinético-molecular para explicar o comportamento dos gases e outros fenómenos como dilatación de sólidos e líquidos e cambios de estado.
- Calcular a presión, volume ou temperatura dun gas aplicando as leis dos gases.
- Explicar o significado das fórmulas químicas en función dos átomos que forman as partículas da materia.
- Identificar os reactivos e produtos dunha reacción química e representala coa correspondente ecuación química axustada en casos sinxelos.
- Identificar as transformacións de enerxía producidas en obxectos e aparellos de uso común.
- Aplicar correctamente o principio de conservación da enerxía en casos sinxelos.
- Identificar as distintas formas de propagación da calor e diferenciar entre materiais condutores e illantes térmicos.
- Coñecer os valores dos puntos fixos dun termómetro nas escalas Celsius e absoluta e transforma correctamente valores da temperatura dunha escala a outra.
- Entender que as ondas transportan enerxía e explicar as diferencias fundamentais entre a propagación das ondas luminosas e sonoras.
- Distinguir entre fontes de enerxía renovables e non renovables e analizar vantaxes e desvantaxes das diferentes fontes de enerxía, incluíndo o seu impacto ambiental.
- Explicar a necesidade de facer un uso racional da enerxía e propoñer medidas de aforro enerxético.

6.2.- 4º ESO

O alumnado de 4º de ESO debe demostrar ser capaz de:

- Establecer o número de protóns, electróns e neutróns de calquera especie química (átomo ou ión) coñecidos os números atómico e másico.
- Relacionar a distribución dos electróns nas distintas capas coa situación dos elementos no sistema periódico.
- Formular e nomear compostos químicos inorgánicos (mínimo o 80% dos propostos).
- Formular e nomear correctamente o 70% como mínimo dos hidrocarburos alifáticos de cadea aberta propostos.
- Identificar nas fórmulas o grupo funcional e indicar o tipo de composto de que se trata en alcohois, aldehídos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.
- Utilizar o concepto de mol para relacionar magnitudes macroscópicas medibles (masa) con magnitudes microscópicas (nº de partículas).
- Calcular a masa do mol de distintas sustancias e o nº de moles contido nunha masa determinada.
- Representar microscópicamente algunhas reaccións químicas e escribir as ecuacións químicas correspondentes.
- Realizar cálculos sinxelos sobre as cantidades de reactivos e produtos nas reaccións químicas.
- Determinar se sólidos sobre os que actúan forzas están ou non en equilibrio.
- Aplicar as leis e principios da hidrostática á explicación de fenómenos relacionados cos líquidos e valorar as súas aplicacións prácticas.
- Razoar o papel da presión atmosférica en procesos da vida diaria e as súas aplicacións tecnolóxicas.
- Resolver problemas sinxelos nos que haxa que utilizar as ecuacións e gráficas dos movementos rectilíneos, uniforme e uniformemente acelerado, e circular uniforme.
- Identificar o tipo de aceleración que existe en diversos movementos.
- Elaborar diagramas vectoriais das forzas actuantes sobre un corpo obtendo a resultante e determinando os efectos (aceleración) que esta produce.
- Aplicar correctamente as leis da Dinámica para explicar diversas situacións reais.
- Aplicar correctamente o principio de conservación da enerxía no caso de conversións entre distintos tipos de enerxía.
- Resolver cuestións e problemas sinxelos sobre transferencias de calor entre corpos a distintas temperaturas, incluíndo cambios de estado.

7.1- ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES.

7.1.2.- ALUMNADO COA FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO PENDENTE

Este curso hai doce alumnas/as coa materia pendente

CURSO 2022/2023

ALUMNADO COA FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO PENDENTE

Para superar a materia, o alumnado matriculado en 3º de ESO coa a Física e Química de 2º pendente terá que realizar **unha proba por avaliación**, que incluírán os estándares mínimos xa fixados para a avaliación final:

CONTIDO:

- **A actividade científica, magnitudes físicas e a súa medida. Unidades.**
 - **Propiedades xerais da materia. Masa, volume e densidade.**
 - **Sustancias puras. Mesturas heteroxeneas. Disolucións: propiedades, expresión da concentración**
 - **Estados de agregación da materia. Teoría cinético molecular..Leis dos gases.**
 - **Cambios químicos na materia.Reaccións químicas. Productos químicos.**
- **RECUPERACIÓN FINAL:** (Quen non aprobe algunha das probas anteriores terá que examinarse das partes suspensas)

Para orientar ao alumnado e facilitar a preparación destas probas, **entregase a cada alumna/o un caderniño de exercicios (cuestións e problemas)** sobre os contidos que se esixirán no exame.

Deberán ir facendo estes exercicios e **entregalos resoltos** no Departamento de Física e Química **unha semana antes** da celebración de cada proba.

Estes traballos valoraranse entre cero e dous puntos, que se terán en conta na calificación final, sempre que a calificación das probas sexa superior a 4.

7.1.2.- ALUMNADO COA FÍSICA E QUÍMICA DE 3º DE ESO PENDENTE

Este curso hai seis alumnas/as coa materia pendente

Para superar a materia, o alumnado matriculado en 4º de ESO coa a Física e Química de 3º pendente terá que realizar **unha proba por avaliación**, que incluírán os estándares mínimos xa fixados para a avaliación final:

- CONTIDO:**
- TEMA 1: **As magnitudes físicas e a súa medida. Unidades.**
 - TEMA 2: **Propiedades xerais da materia. Masa, volume e densidade.**
 - TEMA 3: **Estados de agregación da materia. Teoría cinético molecular.**
 - TEMA 4: **A diversidade da materia. Mesturas, disolucións e substancias puras.**
 - TEMA 5: **Átomos e moléculas. Formulación.**
 - TEMA 6: **Transformacións da materia. Reaccións químicas.**

- **RECUPERACIÓN FINAL:** (Quen non aprobe algunha das probas anteriores terá que examinarse das partes suspensas)

Para orientar ao alumnado e facilitar a preparación destas probas, **entregase a cada alumna/o un caderniño de exercicios (cuestións e problemas)** sobre os contidos que se esixirán no exame.

Deberán ir facendo estes exercicios e **entregalos resoltos** no Departamento de Física e Química **unha semana antes** da celebración de cada proba. A entrega será nas seguintes datas:

Estes traballos valoraranse entre cero e dous puntos, que se terán en conta na calificación final, sempre que a calificación das probas sexa superior a 4.

8.I- METODOLOXIA

8.I.1.- Criterios

Partindo dunha visión constructivista do proceso ensinanza-aprendizaxe, a metodoloxía a seguir está baseada nas seguintes premisas:

- Os alumnos e alumnas teñen xa un gran número de ideas previas acerca do que se vai ensinar que presentan certa resistencia a ser modificadas no proceso.
- A adquisición significativa de coñecementos, actitudes e valores require un cambio conceptual, proceso longo e laborioso que ten como protagonista principal ao propio alumno/a.
- Unha información só pode ser asimilada e incorporada ao esquema conceptual do alumno/a se responde a problemas e cuestións que o/a alumno/a se formulou previamente e tratou de resolver.
- A discusión e confrontación de ideas e opinións axuda a comprender mellor a información ante a necesidade de explicala, defendela e rebatila, por convencemento propio.
- A interacción entre iguais axuda e favorece a adquisición significativa de coñecementos.

Dacordo co anterior, será fundamental procurar relacionar os contidos estudados con fenómenos ou procesos coñecidos e significativos no entorno do alumnado. Potenciarase o traballo individual e autónomo dos alumnos e alumnas realizando tamén postas en común frecuentes e debates en gran grupo nas que a profesora ou profesor actuará de guía cando sexa preciso resolvendo dúbidas de interpretación, de deseño e realización de experimentos, iniciando ou conducindo razonamentos, aportando novas ideas á discusión, etc...

No deseño das actividades a realizar na aula, fomentarase a realización de experiencias sinxelas, a utilización de modelos e as interpretacións de tipo descritivo xunto coas baseadas nas fontes de información, que se concretará como segue:

- Actividades de motivación

Antes de iniciar un tema, có fin de axudar os alumnos a centrar a súa atención e despertar o seu interese polo que van aprender.

- Desenvolvemento sistemático e claro dos contidos

Utilizando a linguaxe verbal, a linguaxe icónica (debuxos e fotografías), gráficos e esquemas. A elaboración de mapas conceptuais o final de cada tema, axuda a que o alumno/a sexa capaz de relacionar os conceptos asimilados.

-Actividades de síntese e valoración

Teñen por obxecto axudar o alumno/a a asimilar as novas ideas ás xa aprendidas, a eliminar algunhas erróneas ou a ampliar o eido de aplicación destas coa axuda das novas.

-Actividades de aplicación

Para que o alumno/a capte a funcionalidade do aprendido e a súa utilidade para resolver problemas en tódolos marcos: físico, social, familiar e persoal.

- Actividades complementarias

Adicadas a fomentar o desenvolvemento e interiorización de valores como a solidariedade, o respecto polos demais, a valoración da saúde persoal e colectiva, o respecto por un mesmo, ou a desenvolver destrezas ou hábitos como o gusto pola lectura, a búsqueda de información en fontes diversas, etc..

8.1.2-Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave

Na materia de Física e Química incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos aspectos máis afíns a ela como os seguintes:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Estas competencias son as máis traballadas na materia

Comunicación lingüística (CCL)

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais. Utilizar o vocabulario axeitado
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e utilizar unha terminoloxía formal para poder utilizar os termos adecuados con suficiente propiedade

Competencia dixital (CD)

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo diario.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Aprender a aprender (CAA)

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

8.1.3.- Recursos e material didáctico

Utilizarase o laboratorio todo o que sexa posible para a investigación, comprobación experimental ou aplicación práctica dos contidos estudados.

Empregaranse tamén como recursos didácticos outros variados como aparellos caseiros e produtos de uso cotián, textos de revistas e periódicos, etc...

Procurarase fomentar a utilización da aula virtual. Para iso o profesorado tratará de introducir na mesma materias didácticos e outros recursos (vídeos, ligazóns a páxinas web con recursos didácticos interesantes, etc..) que se utilizarán na aula e aos que os alumnos e alumnas tamén poderán acceder desde as súas casas.

En 2º utilizarase o libro de texto de Física e Química da editorial ANAYA.

En 3º utilizarase o libro de texto de Física e Química da editorial SANTILLANA.

En 4º, non hai libro de texto obrigatorio. Para facilitar o traballo do alumnado, empregaranse outros materiais didácticos (apontamentos, coleccións de cuestións e problemas, guións de prácticas de laboratorio, etc..) elaborados polo profesorado que están a disposición do alumnado na aula virtual do centro

| ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Estudo de funcións orgánicas. ▪ Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza. | <ul style="list-style-type: none"> • Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica o tipo de hibridación do átomo de carbono nos distintos grupos funcionais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións orgánicas de interese: osixenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados. ▪ Compostos orgánicos polifuncionais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenza distintos hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais, nomeándoos e formulándoos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Formula e nomea correctamente como mínimo o 85% dos compostos orgánicos propostos que teñan, como máximo, dous grupos funcionais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| • i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Concepto de isomería. ▪ Tipos de isomería: <ul style="list-style-type: none"> • Isomería constitucional: <ul style="list-style-type: none"> • De cadea • De posición • De función. • Isomería espacial: I <ul style="list-style-type: none"> • Conformacional • Xeométrica • Óptica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue os diferentes tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Formula e nomea os isómeros estruturais ou constitucionais dun composto orgánicos sinxelo dado. ▪ Explica as condicións para que un composto teña isómeros xeométricos e/ou ópticos e formula os posibles isómeros dun composto dado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Tipos de reaccións orgánicas. <ul style="list-style-type: none"> • Reaccións de adición • Reaccións de substitución | <ul style="list-style-type: none"> • Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox, predicindo os produtos, se é necesario. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Predi os produtos de reaccións orgánicas sinxelas de adición, eliminación e oxidación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> • Reaccións de eliminación • Reaccións de oxidación-redución. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir doutro con distinto grupo funcional aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros. | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |

| | | | | | |
|-------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------------------------------------------------------------------------------|
| ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> Macromoléculas. Polímeros. | <ul style="list-style-type: none"> Determinar as características máis importantes das macromoléculas. | <ul style="list-style-type: none"> Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> Reaccións de polimerización. Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades | <ul style="list-style-type: none"> Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros e viceversa. | <ul style="list-style-type: none"> A partir dun monómero diseña o polímero correspondente explicando o proceso que tivo lugar. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ i ▪ j | <ul style="list-style-type: none"> Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos. Fabricación de materiais plásticos e os seus transformados: impacto ambiental. | <ul style="list-style-type: none"> Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial. | <ul style="list-style-type: none"> Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos, baquelita. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| ▪ b ▪ i ▪ j | | <ul style="list-style-type: none"> Coñecer as propiedades e obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e en xeral nas diferentes ramas da industria. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais valorando a repercusión na calidade de vida. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC |
| ▪ b ▪ i ▪ j | | <ul style="list-style-type: none"> Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos. | <ul style="list-style-type: none"> Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, prótese, lentes, etc.) relacionándoas coas vantaxes e desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que os caracterizan. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC |
| ▪ b ▪ i ▪ j | <ul style="list-style-type: none"> Importancia da Química do Carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar. | <ul style="list-style-type: none"> Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e interese social. | <ul style="list-style-type: none"> Relaciona os principais grupos funcionais e estruturas con compostos sinxelos de interese biolóxico. | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC |
| ▪ b ▪ i ▪ j | | <ul style="list-style-type: none"> Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar. | <ul style="list-style-type: none"> Recoñece as distintas utilidades que os compostos orgánicos teñen en diferentes sectores como a alimentación, agricultura, biomedicina, enxeñaría de materiais, enerxía fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento. | | <ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CSC |

4.II- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Traducir nunha nota-calificación o resultado dun proceso de aprendizaxe, no que non só hai que avaliar a adquisición de coñecementos senon tamén o dominio de procesos e o desenvolvemento de actitudes por parte do alumnado, representa unha enorme dificultade.

4.II.1.- Instrumentos de avaliación

Coas limitacións anteriores, para avaliar aos alumnos e alumnas utilizaremos:

1.- Realización individual de probas escritas de contidos mínimos (exames).

- Farase como mínimo unha proba escrita ao remate de cada tema incluíndo os mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe.
- A superación destas probas será un criterio fundamental a ter en conta para a cualificación positiva.
- **Os criterios de cualificación figurarán en cada proba**, precisando a puntuación que se outorga a cada pregunta, no caso de que esta conste de diferentes apartados que se puntuen distinto fázase constar a puntuación para cada un, de xeito que o alumnado saiba como se puntuará dita proba.
- Cada profesor/a notificará as datas concretas dos seus exames ao alumnado, ao principio de cada trimestre. Ditas datas figuran tamen na páxina web do Centro.

2.- Valoración do traballo diario individual do alumnado:

- Realización das tarefas propostas para casa.
- Terase en conta os exercicios propostos que o alumno ou alumna faga a diario.
- Análise dos traballos e informes elaborados, de actividades prácticas ou outros.

4.II.2.- Criterios para a cualificación

A nota de cada unidade será o resultado de valorar a nota do exame ou exames (contará un 90%) e as actividades realizadas no traballo diario do alumno ou alumna (contará 10%).

Se o alumno ou alumna non consegue os obxectivos do tema, a recuperación implica:

- Darlle oportunidade para que poida resolver dúbidas.
- Fixarlle tarefas complementarias que lle posibiliten a consecución dos obxectivos do tema.

5.II. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación constituirá un proceso continuo, sen limitarse nunca a unha situación illada na que se realicen as probas.

O procedemento para a avaliación continua basearase en:

1.- **Observación e rexistro da actividade dos alumnos e alumnas na clase** centrada en:

- Metodoloxía de traballo do alumnado (claridade e orde nas libretas, coidado no uso do material de laboratorio, etc...)
- Análise dos traballos e informes elaborados por cada un dos grupos de traballo nos que se divida a clase para a realización de actividades prácticas.
- Resposta, oral ou por escrito segundo proceda, a preguntas puntuais sobre algún aspecto concreto do tema que se está a desenvolver.
- Realización das tarefas propostas na clase e no laboratorio.
- Constancia e esforzo na realización do traballo.
- Atención durante o desenvolvemento da clase.
- Interese e colaboración cos compañeiros e compañeiras.

2.- **Realización individual de probas escritas.** O modelo de proba será variado de xeito que permita valorar o grao de adquisición dos distintos estándares de aprendizaxe. Poderá incluír preguntas de resposta ampla, problemas de cálculo numérico, problemas de aplicación que requiran o desenvolvemento dun razoamento lóxico, preguntas relacionadas coas prácticas de laboratorio etc..). e un alumno/a non pode asistir a algún exame escrito, por un motivo debidamente xustificado, realizará dita proba na data que se acorde entre o profesor/a e o alumnado implicado.

3.- **Valoración do traballo realizado individualmente polo alumnado:** Terase en conta o número de actividades realizadas das propostas en cada tema.

A nota de cada tema será o resultado de valorar a nota do exame ou exames (contará un 90%) e as actividades realizadas no traballo diario do alumno ou alumna (contará 10%).

Para aprobar cada avaliación o alumnado terá que acadar unha nota media mínima de 5. A nota de cada avaliación será a nota media das cualificacións das probas realizadas. **Se nalgún dos temas da avaliación non acadar un 40% dos estándares de aprendizaxe mínimos, a avaliación estará suspensa.** Se a cifra das décimas da nota media é de oito ou maior suben á nota a seguinte unidade.

Haberá un exame de **recuperación despois de cada avaliación** que incluírá toda a materia impartida na avaliación.

Na asignatura de Física de 2º de bacharelato tamén se fará un exame de recuperación os alumnos/as que teñan a avaliación suspensa, o alumnado que ten a avaliación aprobada o mesmo día da recuperación, fará un exame global da materia dada ata ese día. Este examen serviralle de repaso e para subir nota, xa que no caso de que saquen unha nota mais baixa que na avaliación esta non se modifica e se no global melloran a nota, a nota da avaliación será a media entre a primeira nota e a acadada no exame global.

En 2º de Bacharelato aprobarán directamente a asignatura na convocatoria ordinaria os alumnos e alumnas que teñan todas as avaliacións aprobadas e a nota final será a nota media.

Os alumnos e alumnas que teñan todos os temas aprobados á súa nota media final, incrementarase en un 10%, e os que solo teñan un tema suspenso en un 5%.

Para o alumnado que non estean nese caso, farase unha proba de suficiencia (exame final) na convocatoria ordinaria, na que o alumnado que teña unha única avaliación suspenso terá que facer unha proba dos temas desa avaliación, e o alumnado que teña máis dunha avaliación suspenso examínase de toda a materia do curso.

6.II PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos e alumnas que na convocatoria ordinaria non acaden unha avaliación positiva terán que realizar na avaliación extraordinaria **unha proba escrita que incluíra os contidos mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe.**

6.II.1.- 2º DE BACHARELATO: FÍSICA

Na materia de Física de 2º de Bacharelato o exame extraordinario poderá incluír os seguintes estándares:

1. Resolver problemas referentes a movementos rectilíneos ou curvilíneos nos que haxa que aplicar as ecuacións e interpretar ou realizar gráficas dos movementos rectilíneo uniforme e uniformemente acelerado.
2. Razoar sobre a conservación ou non do momento lineal em casos prácticos e aplicar este principio para explicar o movemento de dous corpos en casos sinxelos.
3. Aplicar o criterio de independencia do traballo realizado nun traslado entre dous puntos coa traxectoria seguida para estimar o carácter conservativo dunha forza.
4. Aplica o principio de conservación da enerxía mecánica en problemas mecánicos para determinar valores de velocidade e posición.
5. Calcula a intensidade do campo gravitatorio a unha distancia dada dun satélite, planeta ou estrela ou nun punto dado dunha distribución de masas puntuais.
6. Analizar diferentes situacións-problema relativas ao movemento de satélites en órbita no campo gravitatorio terrestre e realizar os cálculos precisos contemplando aspectos cinemáticos, dinámicos e enerxéticos.
7. Calcular a intensidade do campo eléctrico e o potencial nun punto dado para unha distribución de cargas puntuais aplicando o principio de superposición.
8. Calcular a diferenza de potencial entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha distribución sinxela de cargas puntuais e o traballo realizado para mover unha carga dada entre eses puntos explicando, en función do signo que teña, se o traballo para mover a carga é realizado por ou contra as forzas do campo.
9. Analizar, resolver e representar as interaccións electrostáticas e campo electrostático, potencial e a enerxía, xerados por cargas eléctricas puntuais.
10. Explica a ausencia de campo eléctrico no interior dun condutor en equilibrio electrostático aplicando o teorema de Gauss..
11. Calcular o raio da órbita que describe unha partícula cargada cando penetra cunha velocidade determinada nun campo magnético coñecido aplicando a forza de Lorentz.
12. Indicar o carácter atractivo ou repulsivo das forzas que se establecen entre dous condutores paralelos en relación co sentido da corrente que circula por eles.
13. Explicar se se produce ou non corrente eléctrica, e o sentido da mesma, nunha espira no

- seo dun campo magnético en distintas situacións de repouso e movemento da espira e/ou o xerador do campo magnético.
14. Establecer a expresión da ecuación de onda para unha onda harmónica unidimensional coñecidas as súas magnitudes características e/ou calcular as magnitudes características dunha onda harmónica unidimensional a partir da ecuación de onda.
 15. Relacionar a frecuencia coa lonxitude de onda e a velocidade da luz no vacío e utilizar a ecuación de Planck para calcular a enerxía dunha onda electromagnética.
 16. Identificar os conceptos básicos da óptica xeométrica (lentes, imaxes reais e virtuais, focos, aumentos etc), calcular a distancia focal en lentes converxentes e estudar a posición, natureza e tamaño da imaxe en función da distancia entre obxecto e lente.
 17. Obtér o tamaño, posición e natureza da imaxe dun obxecto, producida por un espello plano ou unha lente delgada, realizando o trazado de raios.
 18. Xustificar a natureza cuántica da luz a partir da análise do efecto fotoeléctrico.
 19. Coñecer os diferentes tipos de desintegracións radioactivas e indicar cal é o núcleo resultante despois dunha ou varias emisións radiactivas dadas.
 20. Aplicar a lei de decaemento exponencial ao cálculo da actividade e do período de semidesintegración para unha mostra radioactiva coñecida a constante de desintegración.

Dado que estes estándares fixan os mínimos para todo o alumnado, en coherencia co esixido na convocatoria ordinaria, **para aprobar o exame da convocatoria extraordinaria, os alumnos e alumnas terán que ter demostrado a consecución dun 65%, como mínimo, dos estándares incluídos na mesma.**

6.II.2.- 2º DE BACHARELATO: QUÍMICA

Na materia de Química de 2º de Bacharelato o exame da convocatoria extraordinaria poderá incluír os seguintes estándares:

1. Explica as raias dos espectros atómicos de emisión e absorción utilizando o modelo atómico de Bhr.
2. Establecer as configuracións electrónicas de distintos elementos e determinar o valor dos catro números cuánticos para electróns situados en orbitais determinados.
3. Xustificar a ordenación dos elementos na Táboa Periódica en relación coas configuracións electrónicas dos mesmos.
4. Comparar as enerxías de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade para elementos do mesmo grupo e/ou período, razoando as diferenzas en función da carga nuclear e o raio atómico.
5. Analizar cualitativamente a influencia dos valores da carga, do raio dos ións e da constante de Madelung no valor da enerxía de rede dos compostos iónicos.
6. Establecer as estruturas de Lewis e analizar a xeometría dos compostos covalentes.
7. Explicar as propiedades das substancias segundo o seu tipo de enlace (iónico, covalente, metálico e forzas intermoleculares).
8. Realizar os cálculos precisos e coñecer o procedemento para a preparación de disolucións de ácidos, bases e sales, partindo de produtos comerciais ou de disolucións máis concentradas.
9. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos e produtos en calquera estado de agregación ou pureza.

10. Analiza a influencia na velocidade de reacción de cambios de presión, temperatura e concentración de reactivos utilizando a teoría das colisións.
11. Realizar os cálculos precisos para establecer a composición de diversos sistemas en equilibrio coñecidas as condicións iniciais e o grao de disociación ou as constantes de equilibrio.
12. Aplicar o principio de Le Chatelier para explicar cal será a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, presión, volume ou concentración de substancias presentes.
13. Determina se se producirá ou non un precipitado ao mesturar volumes dados de disolucións de sales de concentración coñecidas e describir o procedemento para separar o precipitado formado, se é o caso.
14. Establecer o carácter básico ou ácido de distintas especies químicas fronte á auga aplicando a teoría de Brösted e Lowry, así como de disolucións acuosas de sales en función da hidrólise que pode experimentar o catión e/ou o anión.
15. Describir o procedemento experimental e realizar os cálculos precisos para determinar a concentración dun ácido ou base forte valorándoa cunha disolución dunha base ou ácido forte de concentración coñecida.
16. Identificar as substancias oxidantes e reductoras en procesos redox, axustar as reaccións correspondentes utilizando o método do ión-electrón e realizar cálculos estequiométricos nas mesmas.
17. Predicir a espontaneidades dun proceso redox empregando os valores tabulados dos potenciais normais de eléctrodo.
18. Coñecer as aplicacións e explicar o funcionamento de células galvánicas e electrolíticas en casos sinxelos, indicando as reaccións que teñen lugar nos electrodos.
19. Formular e nomear seguindo as regras da IUPAC como mínimo o 85% dos compostos do carbono propostos, que teñan como máximo dous grupos funcionais.
20. Identificar os distintos tipos de isomería que se poden dar nos compostos do carbono e formular e nomear os isómeros estruturais, xeométricos e/ou ópticos dun composto dado en casos sinxelos.

Dado que estes estándares fixan os mínimos para todo o alumnado, en coherencia co esixido en na convocatoria ordinaria, **para aprobar o exame da convocatoria extraordinaria, os alumnos e alumnas terán que ter demostrado a consecución dun 65%, como mínimo, dos estándares incluídos na mesma.**

7II.- ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR
ALUMNADO COA FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACHARELATO PENDENTE

Este curso hai DOU alumnas/o coa Física e Química pendente de 1º de BAC

CURSO 2022/2023

FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACHARELATO PENDENTE

Para superar a materia, a alumna que ten pendente a Física e Química de 1º de bacharelato terá que realizar unha proba por avaliación (dúas de Química e unha de Física), que incluirán **os contidos mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe** xa fixados para a avaliación extraordinaria:.

CONTIDO: TEMA 1: **A materia en química**

TEMA 2: **Reaccións químicas. Cálculos estequiométricos.**

TEMA 3: **Os compostos do carbono. Formulación orgánica.**

TEMA 4: **Termoquímica**

TEMA 5: **Estudo cinemático dos movementos. Movementos rectilíneos e circulares. Composición de movementos.**

TEMA 6: **Dinámica. Leis de Newton. Momento lineal. Dinámica dos movementos curvilíneos. Forzas gravitatorias.**

TEMA 7: **Traballo e enerxía.**

- **RECUPERACIÓN FINAL:** (Quen non aprobe algunha das probas anteriores terá que examinarse das partes suspensas)

Para orientar ao alumnado e facilitar a preparación destas probas, **entégase a cada alumna/o un caderniño de exercicios (cuestións e problemas)** sobre os contidos que se esixirán no exame.

Deberán ir facendo estes exercicios e entregalos resoltos no Departamento de Física e Química **unha semana antes** da celebración de cada proba.

Estes traballos valoraranse entre cero e dous puntos, que se terán en conta na calificación final, sempre que a calificación das probas sexa superior a 4.

8.II- METODOLOXIA

8.II.1.- Criterios

A metodoloxía **didáctica no Bacharelato** debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

En relación co exposto anteriormente, a proposta de actividades para o desenvolvemento do currículo de Física e Química elaborouse **de acordo cos criterios metodolóxicos** seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os propios da Física e a Química e os de disciplinas doutras áreas.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes.
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

8.II.2-Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A materia de Física e Química utiliza unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilizalo nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.

A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo da física e a química que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

A adquisición da **competencia de aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, as dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.

Esta materia favorece o traballo de laboratorio, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A elaboración de modelos que representen aspectos da Física e a Química, o uso de fotografías que representen e exemplifiquen os contidos teóricos, etc., son exemplos dalgunhas das habilidades plásticas que se empregan no traballo da Física e Química de Bacharelato, o cal contribúe ao desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais**, ao fomentarse a sensibilidade e a capacidade estética e de representación do alumnado.

8.II.3- Actividades didácticas

A maiores da exposición e explicación clara dos contidos que corresponde ao profesorado, consideramos esencial a realización de actividades por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes:

- Afianzan a comprensión dos conceptos e permiten ao profesorado comprobalo.
- Son a base para o traballo cos procedementos característicos do método científico.
- Permiten dar unha dimensión práctica aos conceptos.
- Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.

Consecuentemente, en cada tema propoñeranse unha serie de actividades variadas, cunha formulación clara e que estean perfectamente interrelacionadas cos contidos teóricos, que permitan:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
- Afianzar os conceptos; traballar os procedementos (textos, imaxes, gráficos, mapas), desenvolver actitudes que contribúen á formación humana e atender a diversidade na aula (teñen distinto grao de dificultade).
- Dar unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

8.II.4- Recursos e material didáctico

Utilizarase o laboratorio todo o que sexa posible para a investigación, comprobación experimental ou aplicación práctica dos contidos estudados.

Procurarase fomentar a utilización da **aula virtual**. Para iso o profesorado tratará de introducir na mesma materiais didácticos e outros recursos (vídeos, ligazóns a páxinas web con recursos didácticos interesantes, etc..) que se utilizarán na aula e aos que os alumnos e alumnas tamén poderán acceder desde as súas casas.

Para facilitar o traballo do alumnado, empregaranse outros materiais didácticos (**apuntes, coleccións de cuestións e problemas resoltos, guións de prácticas de laboratorio, etc..**) elaborados polo profesorado.

Materiais complementarios: Utilizaranse diapositivas, vídeos, etc para reforzar e completar a explicación dos contidos, así como prensa, revistas científicas, etc.

8.II.5.- Atención á diversidade

Un dos factores que ineludiblemente hai que ter en conta no desempeño do traballo docente é a diversidade do alumnado. Os ámbitos de diversidade están interrelacionados entre si e son fundamentalmente:

- A capacidade de aprender, que debe ser entendida como a maior ou menor necesidade da axuda pedagóxica do profesor ou profesora, non como capacidade intelectual independente dos contidos e procedementos.
- A motivación para aprender que soe ser función dos intereses dos alumnos e alumnas e que condiciona a capacidade de aprendizaxe.
- Os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.

Entre as posibles estratexias para á atención á diversidade adoptaremos as seguintes:

- Atención específica do profesor ou profesora aos alumnos ou alumnas que demanden maior axuda empregando metodoloxías diversas.
- **As actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade.** Desta forma

permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.

9.II.- PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Para poder **formular medidas de atención á diversidade axeitadas, é preciso facer unha avaliación inicial en dúas vertentes:**

1. Do grupo no seu conxunto, na que debemos recabar información sobre:

- Número de alumnos e alumnas.
- Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Dificultades que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares (nº de alumnado repetidor, alumnado procedente de distintos centros, alumnado procedente do extranxeiro, etc...)
- Fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

2. De cada alumno e alumna individualmente, na que debemos tratar de identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguemento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativa especiais, con altas capacidades e tamén o alumnado con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

O procedemento para a obtención de información será:

- Consulta de datos no XADE.
- Entrevista co titor ou titora do grupo.
- Observación sistemática do alumnado na aula as primeiras semanas do curso.
- Proba escrita de coñecementos previos básicos (formulación inorgánica, magnitudes e unidades do SI, operacións con vectores, etc..).

A partir da información obtida na avaliación inicial tomaranse decisións sobre as medidas organizativas (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual) e curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

10.II.- TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ao planificar o traballo a desenvolver temos o convencimento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de xeito permanente xa que se refiren a problemas e preocupacións da sociedade. Neste sentido, marcamos como un dos criterios prioritarios á hora de seleccionar contidos que estes permitisen facer un tratamento o máis amplo posible dos elementos transversais polo que ao programar cada unha das unidades didácticas incluiremos sempre algunhas actividades con esta finalidade.

10.II.1 *Contribución ao plan de convivencia*

Hai elementos transversais que nos parecen fundamentais para a formación dos alumnos e alumnas como persoas que son **a autonomía persoal** (emprendemento), **a educación cívica**, **o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres**, **a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade** e, en xeral, o fomento da tolerancia e respecto ás persoas. Consideramos que o tratamento destes elementos transversais precisa da creación dun determinado ambiente na aula máis que da programación de actividades concretas. Crear este ambiente de respecto e tolerancia é unha tarefa fundamental nosa como profesores e profesoras e para conseguilo procuraremos sobre todo:

- Manter unha actitude de respecto á propia personalidade de cada alumno ou alumna.
- Comentar criticamente calquera comportamento que se poida dar na clase e que teña tintes racistas, sexistas, etc..
- Fomentar a solución dialogada de conflitos que poidan xurdir na aula.

Ademais na programación do traballo trataremos de:

- Fomentar o interese nos alumnos e alumnas polo coidado do material de uso colectivo.
- Fomentar o traballo e actividades realizadas en grupo.
- Programar a realización de actividades colectivas complementarias e extraescolares (proxectos de traballo ou investigación, visitas e excursións, etc.) que favorezan as relacións interpersoais.

10.II.2 *Contribución ao proxecto lector*

Para mellorar a **comprensión lectora** e a **expresión oral e escrita** procurarase:

- Que o alumno ou alumna encargado de corrixir calquera das actividades propostas realice sempre en primeiro lugar unha lectura en voz alta da mesma.
- Resaltar a corrección das faltas de ortografía e erros de redacción nas probas escritas.
- Insistir na necesidade de expoñer clara e ordenadamente as ideas e de explicar as respostas cando se resolvan as actividades, oralmente ou por escrito.
- Fomentara a lectura de noticias aparecidas na prensa, relacionadas co tema que se estea a estudar.
- Recomendar a lectura dalgún libro concreto para saber máis sobre os temas estudados, tratando de presentalo dun xeito ameno que o faga atractivo.

10.II.3 *Contribución ao proxecto de educación dixital*

Para fomentar a **comunicación audiovisual** e o **uso das tecnoloxías da información e da**

comunicación utilizaranse:

- A aula virtual do centro na que estará todo o material do curso e á que o alumnado deberá acceder.
- Outros recursos dixitais dispoñibles: esquemas, imaxes, artigos, vínculos web.. que serán introducidos na aula virtual para a súa utilización polo alumnado.
- Selección de diversas páxinas web relacionadas co tema nas que o alumnado terá que buscar información.
- Uso por parte do alumnado dos programas informáticos de escritura de software libre ou privado e de elaboración de presentacións para a realización e exposición de traballos.

10.II.4 Contribución ao proxecto lingüístico

O profesorado de física e química imparte maioritariamente as clases en galego, polo que contribúe ao enriquecemento do vocabulario e a utilización de expresións axeitadas no ámbito científico.

11.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS PARA O CURSO 2022/2023

| Nome da actividade | Materia | Curso e grupos | Lugar | Datas | Horario e duración | Obxectivos |
|---------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|----------------------|-----------|-----------------------------------------------------------------|--------------------|-------------------------------------------------------|
| Actividades pendentes de ofertar polo Concello | | | | | | |
| Semana da Ciencia | Física e química e os departamentos desexen participar | Para todo o alumnado | Instituto | Pendiente de concretar data preferible a finais do 2º trimestre | Recreos da semana | Mostrar o aspecto mais recreativo da Física e química |
| Charlas de divulgación científica ofertadas pola Universidade | Física Química | 2ºBAC | Instituto | Pendientes de ofertar Preferible 1º trimestre | 1 hora aprox | |
| | Física e química | 4ºESO | Instituto | Pendientes de ofertar Preferible 1º trimestre | 1 hora aprox | |

A Semana da Ciencia a súa finalidade é acercar a ciencia, e fomentar a cultura científica entre o alumnado, é unha actividade de divulgación científica cos seguintes contidos:

1.- Exposición de experiencias deseñadas, realizadas e explicadas polo alumnado relacionadas con algún tema do curriculum de Física e Química ou de Bioloxía, co que se pretende acercar a ciencia o alumnado do instituto:

- ✓ Construcción e exposición de montaxes ou dispositivos que mostren a utilidade da Ciencia ou exemplifiquen algún principio científico.

- ✓ Reproducción de fenómenos físico-químicos ou feitos ou experiencias curiosos ou chamativos explicando os principios nos que se basea.
- ✓ Realización de experiencias de Ciencia recreativa.
- ✓ Exposición e/ou construción de xoguetes baseados nalgún principio científico.

2.-Charlas divulgativas sobre a importancia da Ciencia no desenvolvemento da sociedade e na vida diaria.

3.- Proxeccións de temas de interese científico

As actividades organizadas preséntanse de maneira aberta e atractiva, "**mostrando**" o lado máis "cercano" da ciencia, "a mellor forma de aprender ciencia é facer ciencia".

Os videos pasaranse na pantalla da entrada do Instituto e nas clases de Bioloxía e de Física e Química nos diferentes cursos, tamén se poderían utilizar as horas de tutoría sempre que o titor este dacordo.

Esta actividade ten como obxectivos, fomentar o interese do alumnado pola Ciencia mostrandolle a importancia da investigación xenerando un entorno social mais proclive a ciencia e a innovación que nos faga avanzar polo camiño axeitado.

12.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Hai que resaltar que o resultado do proceso de aprendizaxe non só depende do esforzo dos alumnos e alumnas senón tamén de que o profesorado realice unha adecuada selección de contidos, actividades e recursos didácticos, é dicir, ao facer a avaliación dos alumnos e alumnas deberiamos estar avaliando tamén o noso propio traballo.

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente implica reflexionar individualmente cada profesor e colectivamente nas reunións de departamento, de xeito sistemático ao final de cada unidade, de cada trimestre e ao final do curso, sobre aspectos concretos do traballo diario e utilizar as conclusións extraídas para mellorar na medida do posible o mesmo.

1.- NA PLANIFICACIÓN DO TRABALLO debe valorarse se se está a realizar unha axeitada

- Selección e secuenciación progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
- Proposta de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
- Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
- Coordinación co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

2.- NA MOTIVACIÓN DO ALUMNADO hai que reflexionar sobre se se está a realizar o seguinte:

- Proposta dun plan de traballo ao principio de cada unidade.
- Proposta de actividades que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
- Establecemento de relacións das aprendizaxes con aplicacións reais das mesmas.
- Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
- Estimulación da participación activa dos estudantes en clase.

3.- NO DESENVOLVEMENTO DO ENSINO debe valorarse se o profesorado

- Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
- Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos/as.
- Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
- Resume as ideas fundamentais discutidas con mapas conceptuais, esquemas...
- Ten predisposición para aclarar dúbidas dentro e fóra das clases.

4.- NA AVALIACIÓN cómpre valorar se se está a realizar

- A avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
- A detección dos coñecementos previos de cada unidade didáctica.
- A revisión frecuente dos traballos propostos na aula e fóra dela.
- A corrección e explicación de forma habitual dos traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, dando pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
- a utilización de diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
- A proposta de novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente e de actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
- A información ao alumnado e familias sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.

13.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para realizar a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica, ao finalizar cada unidade didáctica deberá facerse unha revisión sistemática de aspectos concretos que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os aspectos a valorar deben ser:

- Temporalización das unidades didácticas.
- Relación dos contidos e das actividades programadas cos estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
- Dificultades na realización de tarefas programadas.
- Idoneidade das estratexias metodolóxicas seleccionadas e dos recursos utilizados.
- Claridade nos criterios de avaliación.
- Utilización de diversas ferramentas de avaliación.
- Atención á diversidade.
- Porcentaxe de alumnado que acadou o grao mínimo dos estándares de avaliación fixado.